PEZA DO MES

novembro 2026



OS CAMPANIFORMES DA PORTELA DA MOADA.
VAL DO SALAS, MUÍÑOS

XUNTA DE GALICIA

Os campaniformes da Portela da Moada (val do Salas, Muíños)

O val do Salas acolle numerosos monumentos megalíticos. Agrúpanse en necrópoles, cuxos túmulos fomos organizando e numerando segundo os iamos rexistrando neste territorio da Baixa Limia. Os megálitos relacionados co val aproxímanse ao medio centenar, situados sobre todo nas planicies centrais da antiga veiga do Salas, actualmente cuberta por un encoro. A Portela da Moada formaría parte da necrópole que catalogamos como Veiga de Maus de Salas, na freguesía do mesmo nome, termo municipal de Muíños e provincia de Ourense. Os monumentos e necrópoles, ás que debemos engadir as de Veiga de Requiás e de Outeiro de Cavaladre, distribúense de forma sensiblemente lineal en sentido oeste-leste ao longo do val. Gran parte dos monumentos permanecen somerxidos baixo as augas do encoro. A maioría dos que comprobamos e descubrimos foron rexistrados durante unha prospección dentro do proxecto de investigación «O concello de Muíños e o seu marco arqueo-xeográfico» que diriximos entre 1989 e 1994. Pero nós non fomos os primeiros en achegarnos a este territorio. No ano 1927, o prehistoriador Florentino López Cuevillas publicaba na revista *Nós* un artigo sobre os megálitos da Serra da Moá, en Castro Caldelas e dos do val do Salas, en Muíños. Deste último daba conta do descubrimento e dalgunhas escavacións en monumentos da marxe dereita deste afluente do Limia: Pena Anduriña (anta nº 1), Casiña da Moura (anta nº 2) e Portela da Moada (anta nº 3), así como unha cuarta no lugar de Portamil (anta nº 4). A localización dos monumentos que situou Cuevillas nun bosquexo non facilita a identificación da Portela da Moada con algún dos que xa coñecemos. A descrición do megálito, que recollemos en galego normativo, é a seguinte: *«Está formada por cinco esteios de 90, 60, 50, 37 e 40 centímetros de ancho, por 1 metro de altura que pechan unha cámara poligonal de 1,20 m de lonxitude e coa entrada orientada para o sueste».* Segue dicindo que *«As pedras deste pequeno monumento son moi irregulares esteriormente, aínda que polo interior presentan as caras regularmente aplanadas»* e *«Non atopamos sinais da mámoas e a escavación non forneceu ningún mobiliario»*.

Corenta e cinco anos despois, con motivos da afección que a construción do encoro de Salas ía representar sobre estas necrópoles megalíticas, X. Ferro Couselo iniciou tarefas tanto de reescavación de monumentos como do traslado da Casiña da Moura ao seu lugar actual. Unha das reescavadas foi precisamente a Portela da Moada, onde descubriu os tres fragmentos de vaso campaniforme que referimos neste escrito. A publicación desta a segunda escavación, de 1972, non describe a relación estratigráfica nin espacial dos campaniformes con respecto ao monumento. Tampouco aparecían con outros elementos do enxoval.

Cando iniciamos os nosos traballos no val do Salas, algunhas persoas informantes situáronnos a localización orixinal da Casiña da Moura nun lugar estacionalmente cuberto polas augas do encoro. As coordenadas UTM, con referencia ao datum ERS89, fuso 29, serían 588.402X /4.642.219Y. Partindo desta situación, a Portela da Moada localizábase, segundo Cuevillas *«...a 100 cara o norte da anterior»*, da Casiña da Moura. No decurso da prospección que efectuamos neste entorno buscando nese lugar aproximado, non atopamos ningunha mámoa coas características que describiu Cuevillas, polo que podería ter sido destruída.

Conforme os tres vasos campaniformes, unha vez reconstruídas as formas por medio do debuxo arqueolóxico e nun primeiro exame dos seus atributos específicos, observamos as características e dimensións seguintes:

Vaso 1:

- Forma: bordo recto, abrindo a boca do vaso; corpo con liña composta cóncavo-convexa.
- Descrición: pasta bastante homoxénea e pouco compacta; cor parda; desgrasantes de seixo e mica, con tamaño fino; superficie de aparencia engobada.
- Dimensións: diám. do bordo, 72 mm.; altura do fragmento, 60 mm.; seccións: máx.: 7 mm.; mín.: 6 mm..
- Cocción: oxidante.
- Decoración: presenta dúas bandas de liñas paralelas puntilladas impresas con matriz dentada. A primeira banda, no colo, está formada por cinco liñas. A segunda, da zona superior á inferior, mantén a distribución seguinte: catro liñas por riba da carena; dúas liñas intermitentes sobre esta; baixo a carena, outras catro liñas. Encadrámolo na Variedade Lineal.

Vaso 2:

- Forma: bordo recto, abrindo a boca do vaso; corpo con liña composta cóncavo-convexa.
- Descrición: pasta bastante homoxénea e pouco compacta; cor parda; desgrasantes de seixo e mica, con tamaño fino; superficie de aparencia engobada.
- Dimensións: diám. do bordo, 86 mm.; altura do fragmento, 75mm.; seccións: máx.: 5 mm.; mín.: 4 mm.
- Cocción: oxidante.
- Decoración: presenta tres bandas horizontais formadas por liñas puntilladas impresas con matriz dentada. A primeira banda, baixo o bordo, está

formada por seis liñas. A segunda, na parte superior do corpo, ten o mesmo número e da terceira só se conservan tres. Encadrámolo na Variedade Lineal.

Vaso 3:

- Forma: corpo con liña composta cóncavo-convexa.
- Descrición: pasta bastante homoxénea e pouco compacta; cor parda; desgrasantes de seixo e mica, con tamaño fino; superficie de aparencia engobada.
- Dimensións: tamaño do fragmento, 66 mm.x 63 mm; seccións: máx.: 6,5 mm.; mín.: 4 mm.
- Cocción: oxidante.
- Decoración: presenta tres bandas horizontais formadas por liñas puntilladas impresas por matriz dentada. A primeira banda, na zona de unión entre o colo e o corpo, conserva cinco liñas. A segunda, sobre o punto de inflexión da barriga, está formada por seis liñas. A terceira, na parte inferior do corpo, está formada por catro liñas. Encadrámolo na Variedade Lineal.

Os tres adscríbense, como vimos, á tipoloxía decorativa denominada Variedade Lineal, cunha temática estilística estandarizada a nivel europeo, xunto coas dos campaniformes marítimos. Ambos os estilos están representados no val do Salas. Tamén a este grupo pertencerían os cordados, dos que contamos con un no abrigo de Arca dos Penedos, nas ladeiras occidentais da serra de Larouco e moi próximo ao val do Salas no nacemento do río. Os tres grupos decorativos, Variedade Lineal, Marítimo ou Internacional e Cordado, serían representativos do Campaniforme Antigo, con datacións que en Galicia e no noroeste se remontarían ao 2800/2500 BC, sendo precisamente os atopados nos monumentos megalíticos os que ofrecerían os contextos, e nalgúns casos, as datacións máis antigas. Deses contextos son representativos os agora tratados da Variedade Lineal da Portela da Moada, xunto cos Internacionais e tamén da Variedade Lineal procedentes da Casiña da Moura, que, segundo Cuevillas, estaría separado tan só uns 100 m da Portela da Moada, achegando a posibilidade de participar, aínda que carezamos de estratigrafías e datacións, de contextos arqueolóxicos semellantes.

Dado que o lugar de procedencia dos vasos campaniformes, a Portela da Moada, é un monumento megalítico, recuperamos no cadro seguinte os horizontes que cremos detectar nos dólmens dos val do Salas (VS), tanto a partir das escavacións que diriximos na necrópole de Outeiro de Cavaladre, como nos materiais que proceden das antigas escavacións de Cuevillas e Ferro, así como da información sobre algunhas pezas que obtivemos en entrevistas que efectuamos durante a nosas investigacións:

HORIZONTE	MONUMENTO	MATERIAIS
Megalítico (VS I)	M1 de Outeiro de Cavaladre	Puntas de frecha de base triangular, machado, cicel?, muíño de man, cuncos cerámicos, etc.
Transición ao Calcolítico (VS II)	M5 de Outeiro de Cavaladre	Todos os materiais exhumados no monumento, incluído o deposito fundacional do túmulo (pezas 128a, 128b e 128c)
Campaniforme (VS III)	Portela da Moada, Casiña da Moura? (M8 de Veiga de Maus de Salas)	Cerámicas campaniformes
Bronce Antigo (VS IV)	Casiña da Moura? (M8 de Veiga de Maus de Salas)	Vasos de fondo plano
Bronce Medio (VS V)	M1 de Outeiro de Cavaladre	Vasos troncocónicos

Como noutros escritos propios, pensamos que o campaniforme aparece nos monumentos megalíticos en momentos moi tardíos, mesmo serodios con respecto a un ritual que se manifesta dende o Neolítico Medio.

Outro aspecto interesante é o uso ao que foron destinados estes recipientes. Ao respecto non contamos con moitos datos en Galicia, pero existe unha intervención non moi antiga no xacemento de Devesa do Rei (Vedra, A Coruña), publicada en 2011 por M. Tabarés e P. Prieto. Nel, con datacións que mostran un amplo abano temporal entre 4220-3804 cal. BC e 1380-1051 cal. BC, descubríronse varias fosas escavadas no substrato e estruturas de pedra, entre elas un circo lítico duns 7 m. de diám. cunha estela no interior. Apareceron varios recipientes campaniformes con residuos de fariña de landra, trigo nu e produtos lácteos (vasos campaniformes), así como de mel ou hidromel (campaniformes lisos). Outros traballos, como o de A. Vázquez Cuesta publicado en 2005, citan a presenza de mel diluído (hidromel?) en recipientes neolíticos da Península Ibérica e Gran Bretaña, ademais de agriotipos de vide e mazá aptos para produciren bebidas alcohólicas dende etapas paleolíticas.



Claustro do patio do Museo Arqueolóxico na súa sede da praza maior

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado desde a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes, na historia da cidade de Ourense– e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



entrada á sala de escultura do Museo Arqueolóxico Provincial situada ao lado do claustro de San Francisco

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, desde a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido
Domingo: das 9.00 ás 15.00 h
Pechado os luns e festivos oficiais



interior da sala de escultura do Museo Arqueolóxico Provincial

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h.

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

Edita: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Texto: José María Eguileta Franco
ISSN: 1579-9956

Fotográfica: Mark Ritchie
Maqueta: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

Xacobeo 2027